

A trenza

Opinións de Marcelino Fernández Mallo sobre literatura, lingua, política e o que lle cadre.

O imposible de desatar

Xuño 28, 2011



O día no que desaparece [Galicia Hoxe](#), o único diario en galego, eu recomendo un libro. De literatura galega, naturalmente. É o que se me ocorre. Non sinto gaña ningunha de expoñer o que penso. De feito, coido que non penso nada. Que só teño desexos de ler literatura galega. De esquecer calquera outra lingua e pasar vintecatro horas lendo textos no meu idioma. Ata caer durmido; ou esgotado, un pouco máis. Non serán noticias pero un está algo farto de actualidade. Nunha palabra, “imposible de desatar”: nócego. Iván García Campos regálanos ese vocábulo esquecido. Por aí empezaremos, por recuperarmos o noso léxico: nócego, xalundes, maniotas, lucecú... E haberá quen o considere un triunfo, quen durmirá hoxe aínda máis satisfeito... Malditos! Diga vostede que se os amantes da lingua mercasen e lesen Galicia Hoxe no canto de calquera dos outros, tamén dese, o único xornal en galego non pecharía. E iso outrosí é verdade...

Dividida en tres capítulos... Refírome a “O imposible de desatar”, a novela de Iván García Campos. Ademais dos tres capítulos, un epílogo de colofón. Na primeira das partes, desenvólvese a modo de diario a vida cotiá dunha familia composta por pai, nai, fillo e filla. É o capítulo máis longo e tamén o que acolle as

páxinas de maior brillantez. Nelas, Iván García narra os acontecementos nimios que transcorren nesa casa entre un luns e un venres. Faino cun estilo propio e arriscado que se adapta maxistralmente ó ritmo do relato e contribúe a crear a atmosfera tensa e suspicaz que o autor se propón. O lector le os episodios de cada día sentindo que algo está a piques de ocorrer, que o conflito agochado e reprimido polos catro personaxes vai xurdir abruptamente en calquera intre. Un capítulo espléndido que xustifica de seu o Premio Blanco Amor concedido á novela.



A segunda parte... seguimos falando da mesma obra, pertencente ó sistema literario galego... supón unha brusca ruptura co relato da sección anterior, quizais demasiado brusca. Por momentos, podemos pensar ter saído da historia principal para entrarmos en episodios paralelos que nalgún momento se xuntarán. Se fosen relatos independentes, cada un resultaría meritorio. Porén, tales historias ilustran as vidas dos membros da familia unha vez fóra do lar, nas cadansúas contornas laborais. É aí onde sofre a novela pois aqueles seres humanos que coñecemos en toda a súa nudez, tórnanse subitamente meras caricaturas ó servizo do efectismo. Nada hai que faga recoñecer os personaxes comúns ós dous capítulos. Certo que os escenarios son distintos mais os comportamentos extremos destas historias persoais chocan excesivamente cos caracteres rutineiros, anódinos e resignados exhibimos no espazo familiar.

A terceira parte da novela regresa ó diario. Custa un chisco retomar o curso dos acontecementos, os cales terminan por desvelar os misterios apuntados e que en realidade son traxedias, talvez demasiadas como para non poñer en dúbida a imprescindible credibilidade do relato. Hai sombras, en efecto, como en case calquera obra con independencia do sistema literario do que falemos. Mais non queda dúbida do interese da proposta de García Campos e, especialmente, do talento deste autor que, cando se libere da aparente necesidade de lucimento que exhala a súa creación, protagonizará entregas de alto nivel...

Supoño que Galicia Hoxe se faría eco da concesión do Premio Blanco Amor a “O imposible de desatar. ... Estou seguro. A nosa cultura era un dos terreos que máis frecuentaba o xornal. Terminando por miudezas, a novela está inzada de frases e escenas orixinais, algunhas das cales sería doado atopar nunha antoloxía de ocorrencias populares. Coido que o autor debería evitar ese tipo de tentacións para non perder autenticidade. Non precisa tal recurso fácil, en absoluto. Tamén habería coidar o uso do complemento directo para esquivar erros como, por exemplo, en “espertou á filla” ou “ollou ao televisor”. Cousiñas sen maior transcendencia. Nócego, xalundes, maniotas, lucecú...

Galicia Hoxe editaba un magnífico suplemento de cultura, Revista das Letras. En setembro do pasado ano, publicou este o meu relato, [O mendigo instruído](#). Velaí queda para quen desexe seguir lendo literatura en galego...